



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 19)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **dezasete de xullo de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten as Sras. Deputadas D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón e D^a. M^a. del Pilar García Porto e o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de xullo de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E REPOSTOS PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E GRANXA GAIOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación de Lugo e da Granxa Gaioso Castro, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV674WBL3HU76WUK6RGD67RBAY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV674TJ2J44OYXW6AJITC7ZAIQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV674OSLNREKTL55YQUEKTQHKL.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV674OR5JAH772HNZRYDINJQ6M.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV675QPJ3AZITGJD4REWIV7AL4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación de Lugo, e da Granxa Gaioso Castro, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, da cordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 95.500,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 16.574,38 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camiós e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semirremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería.	P. Móbil	Subministración de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte	9201.22111	Anual. 2020	13.750,00	RC:20/14805
				Anual. 2021	41.250,00	RC:220209/311
	Granxa	Subministración de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte	4120.22111	Anual. 2020	3.500,00	RC: 20/14806
				Anual. 2021	10.500,00	RC: 20209/312
Lote 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas	P. Móbil	Subministración de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte	9201.22111	Anual. 2020	3.500,00	RC: 20/14807
				Anual. 2021	10.500,00	RC: 220209/313
	Granxa	Subministración de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte	4120.22111	Anual. 2020	750,00	RC: 20/14808
				Anual. 2021	2.250,00	RC:220209/314
Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo	P. Móbil	Subministración de repostos de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte	9201.22111	Anual. 2020	750,00	RC: 20/14809
				Anual. 2021	2.250,00	RC: 220209/315
Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil	P. Móbil	Produtos de limpeza e aseo	9201.22110	Anual. 2020	1.375,00	RC: 20/14810
				Anual. 2021	4.125,00	RC: 220209/316
	Granxa	Produtos de limpeza e aseo	4120.22110	Anual. 2020	250,00	RC: 20/14811
				Anual. 2021	750,00	RC: 20209/317

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, as cantidades descritas anteriormente.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE DE AUTOCINEMA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da actividade de Autocinema, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV:IV674LC6FNF5XNPS2EEMN3XD4A¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV674LC6JRUY33B545WHAJCF44.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV: V674LC7BYGS72MLQEP5EF3HMA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV674OQNPB4YUVBK4VNMKYP44.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV675QBMLBJKTP53UQHDIT7V6M.

Autorizacións dos concellos de Sarria e Foz.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV675QHKHFPT36WMZQ5MOMBGFY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da actividade de Autocinema, consistente na emisión de películas, gratúitas para o público, en 12 sesións, repartidas en catro xornadas,(2 en Lugo, 1 en Sarria e 1 en Foz), nunha pantalla Led de grandes dimensións elevada, para permitir a súa visión dende o interior dos vehículos estacionados a tal fin, nunha área debidamente acoutada e acondicionada.

2º.- O prazo de duración do contrato será dende a data de inicio da prestación ata o 31 de decembro de 2020.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).



5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 35.519,89 euros. O orzamento base de licitación inclúe 6.164,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 29.355,28 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Existe consignación na aplicación orzamentaria 3340.22609 do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 35.519,89 €.

1.- Códigos accesibles no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA O FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DOS DIFERENTES CENTROS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 07 de xullo de 2020, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes á Deputación de Lugo. O día 21 de febreiro de 2020, apróbase o expediente de

contratación. Forma parte do expediente, aprobado pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada o día 21 de febreiro de 2020, a seguinte documentación:

Orde de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66UWRLDP6TTH5ZYFY4AF7T6L.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV66WEBDEFZMIWPMUN5CIJLFAA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV66UPLPFNVJXBPYYBQVA3RQC4.

Informe complementario, con CSV: IV66WTQTJE5236MOAZXBERSSOA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66WELJHUF6ZFETQBURGE2SF4.

Informe xurídico- administrativo conformado pola Secretaría xeral, con CSV: IV66WEKKYAUM7PJLS3WXMJTIY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV66WKLTB4O6RXZSYIORAA7HAQ.

Proposta de Acordo IV66WIB5NURPWWMSYQVRG4HBJ4.

O día 24 de febreiro do 2020, publícase no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), o perceptivo anuncio de licitación.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 13 de marzo de 2020, na data indicada: “en primeiro lugar, deuse conta que, segundo os datos que obran



na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
ESTACIÓN DE SERVICIO DE GUNTIN S.L.
GASÓLEOS FORTALEZA, S.L.
JESÚS LÓPEZ SOMOZA, S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), cos seguintes resultados:

As empresas Estación de Servicio de Guntín S.L. e Jesús López Somoza S.L. achegan o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado, a mesa de contratación acorda admitir as súas propostas.

A empresa Gasóleos Fortaleza S.L. non presenta no sobre “A” o Anexo I requirido no PCAP, presentando no seu lugar autorización do licitador para a consulta dos seus datos e para as comunicacións mediante correo electrónico, certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. A mesa de contratación acorda deixar sen abrir o sobre “B”, presentado pola referida empresa. Ó considerar que pode ser causa de exclusión.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “B” das empresas admitidas á licitación, cos seguintes resultados.

Licitadores	Prezo Criterio 1	Redución do Prazo Ordinario de Entrega Criterio 2. Máximo 48 horas
Estación de Servicio de Guntin S.L.	0,03	48 horas
Jesús López Somoza, S.L.	0,031	24 horas

Concluído o acto publico, suscitase debate no seo da mesa, sobre a incidencia na proposición de Gasóleos Fortaleza SL, polo que reunida novamente prantéxase a dúbida de se a falta de inclusión do Anexo I, por parte da empresa Gasóleos Fortaleza, S.L., constitúe causa de exclusión, ou pola contra se pode calificar como un erro subsanable.

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade suspender o acto, para estudar con maior profundidade a incidencia xurdida, e reunirse novamente para decidir sobre o carácter subsanable de dita omisión e demais acordos que procedan.

O día 17 de marzo de 2020, publícase na Plataforma de Contratos do Sector Público a suspensión do procedemento en virtude do establecido na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada pola Covid-19.

Publícase na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 08 de maio de 2020 o levantamento da suspensión do procedemento en virtude do establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto- 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-2019.

Celébrase nova sesión da mesa de contratación o día 12 de maio de 2020. Nesta sesión, segundo se recolle na acta levantada a tales efectos: “en primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación que a tramitación do expediente será integramente electrónica, e que previa deliberación dos asuntos a tratar se retransmitirá a mesa de contratación en *streaming* pola canle de You Tube da Deputación, tal e como se recollía na convocatoria remitida.

Na sesión precedente a mesa de contratación acordou suspender o acto, para estudar con maior profundidade a incidencia xurdida, e reunirse novamente para decidir sobre o carácter subsanable de dita omisión e demais acordos que procedan .

Acto seguido, nesa data de 12 de maio de 2020 aberta a sesión, e feita a lectura do orde do día pola presidencia, o Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento explica ao resto de asistentes que na documentación que se remitiu a todos os membros da mesa de contratación nos días precedentes para o seu análise, se ben non se trata en concreto da incidencia xurdida na mesa de contratación do día 13 de marzo de 2020, si se aborda con carácter xeral os efectos dos erros ou omisións na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos á que se refire o artigo 140 da LCSP; deixando constancia de que considera que o erro detectado é un erro



meramente formal que non afecta ao contido da proposta, nin afecta o principio de igualdade favorecendo a concorrência, así mesmo, que da documentación presentada se pode deducir claramente a vontade do licitador, de presentar oferta, cumplimentando aspectos parciais da declaración responsable mediante a documentación presentada, polo que estima que o erro detectado se pode calificar como subsanable apoiándose nos argumentos recollidos nas resolucións remitidas aos membros da mesa de contratación, a saber:

Resolución 052/2019, do 8 de marzo, da Titular do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais da Comunidade Autónoma de Euskadi.

Resolución nº336/2019, do 29 de marzo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Recurso 79/2019 C.A Cantabria) no PCAP esíxese a presentación dun DEUC por empresa, concorrendo á licitación unha UTE formada por 7 persoas físicas o DEUC incorporado no sobre da correspondente licitación figuraba asinado.

Resolución nº1278/2019, do 11 de novembro de 2019, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Recurso 1068/2019 C.A Rexión de Murcia 83/2019).

Resolución nº277/2019, do 25 de marzo de 2019, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Recurso 163/2019 C. Valenciana 33/2019).

Resolución nº200/2016, do 6 de outubro de 2016, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid (Recurso 163/2016)

Toma a palabra o Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, expoñendo que non está conforme con declarar subsanable o erro da empresa Gasóleos Fortaleza S.L., posto que no PCAP, se recolle que a presentación do Anexo I que omite o licitador ten carácter obrigatorio.

Intervén o Interventor adxunto, manifestando que estima subsanable a omisión de Gasóleos Fortaleza S.L., citando a Resolución nº277/2019, por considerala moi esclarecedora, visto que se cita a mesma polo asesor técnico se procede á lectura do seguinte parágrafo: “Así, no caso de omisión de documentación o defecto pode subsanarse aportándoa, polo que debe concederse a

posibilidade de subsanación, e só a vista de non presentación da documentación requirida ou se ésta non acredita o cumprimento dos requisitos no momento esixido, pode escluirse ao licitador.

O Asesor do Servizo de Contratación explica que no PCAP se recolle o Anexo I como obrigatorio en contraposición co carácter voluntario do DEUC, e que esa foi a intención cando se elaboraron os pregos.

O Presidente da Mesa de Contratación, a Secretaria da Corporación e maila Secretaria da mesa manifestan a súa conformidade con cualificar o erro como subsanable e requirir a súa subsanación do mesmo, estimando que a posibilidade de subsanación, redunda en maior concorrencia no procedemento.

Concluída a deliberación dáse conta pública a través da sesión en *streaming*. Nesta fase a Secretaria da Mesa expón brevemente a incidencia detectada na reunión da mesa de contratación celebrada o día 13 de marzo de 2020, acto seguido da conta de que a mesa de contratación acorda cualificar o erro detectado como subsanable, concedendo á empresa Gasóleos Fortaleza S.L. un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que presente o Anexo I do PCAP debidamente asinado.”

De conformidade coa minuta da acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 28 de maio do 2020, que obra no expediente, neste acto:

“En primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación de que na sesión anterior a mesa de contratación acordou requirir á empresa Gasóleos Fortaleza S.L. a subsanación de documentación administrativa. A empresa atendeu ao requirimento cursado polo Servizo de Contratación e Fomento o día 15 de maio de 2020, presentando o Anexo I debidamente asinado o día 18 de maio de 2020, polo que se acorda admitir a proposta presentada pola referida empresa.

Acto seguido procédese á apertura en acto público, a través da retransmisión en *streaming* do sobre B, resultando que a empresa Gasóleos Fortaleza S.L. non presenta a documentación solicitada, a mesa de contratación acorda rexeitar a oferta presentada pola referida empresa, ao considerar que a falta de presentación de proposta económica non é subsanable.



Rematada a apertura pública procédese á avaliación e clasificación por orde decrecente as propostas do resto de empresas admitidas cos seguintes resultados:

Licitador	Oferta (Desconto sobre o Prezo Base semanal para España publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía da Unión Europea.)	Nota
Estación de Servicio Guntín S.L.	3,10 %	95,00
Jesús López Somoza S.L.	3,00 %	91,94

Licitador	Oferta (redución de prazo ordinario de entrega)	Nota
Estación de Servicio Guntín S.L.	24,00	2,50
Jesús López Somoza S.L.	48,00	5,00

Nº de orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	Estación de Servicio Guntín S.L.	97,50
2	Jesús López Somoza S.L.	96,94

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

Nº de orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	Estación de Servicio Guntín S.L.	97,50
2	Jesús López Somoza S.L.	96,94

Requirir á empresa Estación de Servicio Guntín S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Por resolución da Presidencia de data 03 de xuño de 2020, aceptouse a proposta da mesa de contratación do día 28 de maio de 2020, e consecuentemente clasifícanse ás empresas presentadas e requírese á empresa mellor valorada a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa Estación de Servicio Guntín S.L., presentou a documentación requirida ao amparo do artigo 150 da LCSP, a través da plataforma do sector público o día 16 de xuño de 2020, segundo consta acreditado no expediente.

O día 22 de xuño de 2020, reúnese novamente a mesa de contratación co obxecto de proceder ao estudo da documentación presentada en cumprimento do disposto polo artigo 150.2 da LCSP. Neste acto, segundo se recolle na acta da mesa de contratación que se incorporou ao expediente, a mesa de contratación acorda, por unanimidade:

“Requirir á empresa Estación de Servicio Guntín S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou declaración xurada de estar exento do pagamento.

Acreditación da solvencia técnica:

Consta relación de subministracións de distintos concellos nas que se indica número de factura importe e data, non obstante non achega ningún certificado de boa execución dos destinatarios finais da subministración.

O licitador poderá optar por acreditar a solvencia técnica por calquera dos outros medios recollidos no cadro resumo do PCAP.

2.b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

2.c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.



2.d) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.”

O requirimento de documentación cúrsase a través da plataforma de contratos do sector público o día 29 de xuño de 2020; a empresa Estación de Servizo Guntín S.L., resposta ao requirimento o día 30 de xuño de 2020, e así consta acreditado no expediente.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 07 de xullo de 2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento de subsanación de documentación e a súa cualificación, e analizada a documentación aportada pola empresa, considera subsanados os erros detectados e consecuentemente acorda acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Estación de Servizo Guntín S.L., a contratación do subministro de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes á Deputación de Lugo, por un período de un ano, prorrogable por outro ano, ata un importe máximo anual de 38.000,00 €, aos que haberá que engadir 7.980,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 45.980,00 €, ofertando un desconto de - 0,031 -en tanto por un, sobre o prezo base semanal para España publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía da Unión Europea, comprometéndose a facer as entregas demandadas nun prazo máximo de 24 horas, dende que se curse o pedido.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable, os razoamentos expresados no corpo da acta que se reproduce anteriormente, e vista a fiscalización favorable da Intervención Xeral, propoño que a Xunta de Goberno, adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Estación de Servizo Guntín S.L., a contratación do subministro de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes á Deputación de Lugo, por un período de un ano, prorrogable por outro ano, ata un importe máximo anual de 38.000,00 €, aos que haberá que engadir 7.980,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 45.980,00 €, ofertando un desconto de - 0,031 -en tanto por un, sobre o Prezo Base semanal para España publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía da Unión Europea, comprometéndose a facer as entregas demandadas nun prazo máximo de 24 horas, dende que se curse o pedido.

O orzamento distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Centro	Importe Máximo (IVE engadido)
Museo Provincial	20.166,67
Edificio Miño	4.840,00
Granxa	1.613,33
Pazo de Tor	3.226,67
CAM Navia de Suarna	16.133,33

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.



4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTRATACIÓN DE OBRA: VIVEIRO.- REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DO RECINTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 07 de xullo de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66UDPS3YGLXWWPWAYHCYZHOA².

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira, redactado por Don Santiago Rodríguez Alcalá, Arquitecto.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV66QG2OHAVORT4S2YYCOHQCF4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV66SXKKAFMSJHN36EEVD72EIE.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66SXKLJVNPXH65UZUMC4HGEM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV66S6I3F4M36XXDA5UCP5QGAA.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 06/03/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV66SPJNNNFY6TE7CENVAZTXMY.

Publicación, o día 12/03/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). Non obstante, os prazos foron suspendidos en virtude da disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión de crise sanitaria provocada polo Covid-19, sendo novamente publicado anuncio o 06/05/2020 levantándose a suspensión dos prazos en virtude de RD 17/2020, de 05 de maio.

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 05/06/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV67WMHSNV62LOZ3WN7MMB3HCA.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 05/06/2020, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa),



resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

VIVEIRO.- REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DO RECINTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

96.235,21	
79.533,23	16.701,98

DE IVE
(partida
independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO
6 SEMANAS
MAXIMO
1.590,66

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA	
		PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados	%	%
1 BGNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL		76.818,07 €	1.590,66 €	15/0	79,82%	20,18%
2 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL		76.150,91 €	1.590,66 €	45/1	79,13%	20,87%
3 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL		92.798,53 €	1.590,66 €	-/-	96,43%	3,57%
4 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		74.354,50 €	1.591,00 €	33/1	77,26%	22,74%

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	BGNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	76.818,07 €
2	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	76.150,91 €
3	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	92.798,53 €
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	74.354,50 €

MEDIA 80.030,50

BAIXA DESPROPORCIONADA 72.027,45

10% ARRIBA 88.033,55

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL		76.818,07 €	84,30	1.590,66 €	5,00	89,30
2	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL		76.150,91 €	87,20	1.590,66 €	5,00	92,20
3	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL		92.798,53 €	14,92	1.590,66 €	5,00	19,92
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		74.354,50 €	95,00	1.591,00 €	5,00	100,00

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		100,00
2	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL		92,20
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL		89,30
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL		19,92

Requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 15/06/2020, con CSV: IV67Q22LBHZZK7O5D6VXBIASCP4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 18/06/2020, rematando o prazo de presentación o día 03/07/2020. A mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, presentou a documentación requirida o 01/07/2020.



Reunida a Mesa o día de hoxe, 07/07/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU presenta a documentación requirida en tempo.

No referente ao certificado de débedas solicitado ao Servizo de Recadación, previa autorización da mercantil Ovisa Pavimentos y Obra SLU, detectase, que si ben é referido á citada mercantil, no mesmo fai referencia como se se tratase dun concello, o que procede dun modelo, o que é comunicado ao antedito servizo a fin de corrixilo para sucesivos certificados.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con, a contratación da obra denominada VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira, no prezo de 74.354,50 €, dos cales 12.904,50 € corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.591,00€ mais 334,11€ de IVE e un prazo de execución de 6 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, a contratación da obra denominada VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira, no prezo de 74.354,50 €, dos cales 12.904,50 € corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.591,00 € mais 334,11€ de IVE e un prazo de execución de 6 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos– perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PLAN ÚNICO 2019.

Escrito do Concello de Triacastela, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento nº315- 316 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de Triacastela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e

de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de MONDOÑEDO é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.



No ámbito turístico cabe acudir a lexislación sectorial nesa materia, concretamente a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal; (...)”.

En canto á mellora de camiños e accesos, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de MONDOÑEDO, segundo o establecido no convenio, na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de MONDOÑEDO, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE MONDOÑEDO
2020	135.000,00€	----
2021	15.000,00€	---
TOTAL	150.000,00€	---



Concello de MONDOÑEDO: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2021 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo as anualidades 2020 e 2021.

O concello de MONDOÑEDO será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP

relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de MONDOÑEDO coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Adecuación do Mirador de Paredóns e accesos incluído adquisición terreos, con un orzamento total de 150.000,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 150.000,00 euros, dos que 135.000,00 € son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020 e 15.000,00 € con cargo á anualidade de 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade de 2021 a cantidade de 15.000,00 €.

3º.- Aprobar o anticipo do 90% sobre a achega de Deputación, con dispensa de garantía, é dicir o anticipo de 135.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INSTRUCCIÓN SOBRE A COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS MESAS DE CONTRATACIÓN COMO ÓRGANO DE ASISTENCIA A XUNTA DE GOBERNO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A composición xenérica das mesas de contratación, como órgano de asistencia, foi regulada por acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014.

Dito acordo foi modificado nos seus apartados 1, 2 e 4 por acordo da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2018, que é o que actualmente encóntrase en vigor.

Unha vez transcorrido un prudencial período de tempo que permita extraer conclusións sobre o funcionamento de ditos órganos de asistencia e, avanzando no obxectivo de axilizar a tramitación dos procedementos de contratación e afondando na tramitación electrónica dos mesmos, chegou o momento de, respectando plenamente a normativa de aplicación e coa dita finalidade de integridade de tramitación electrónica dos procedementos, considerase acaído realizar unha nova modificación do acordo de data 28 de marzo do 2014, propoñéndose medidas relativas á modificación da composición e funcionamento do órgano de asistencia á Xunta de Goberno, coa finalidade de incidir no principio de eficacia que a Constitución Española de 1978, recolle no seu art. 103, ao mesmo nivel que o principio de legalidade.

Así mesmo compre adaptar e clarificar a tramitación dacordo co disposto na Lei 39/2015 en canto o referido á natureza e vixencia das declaracións responsables durante a tramitación do procedemento, a fin de garantir o respecto ós dereitos dos administrados evitando a presentación reiterada de documentación por causas que non lle son imputables.

Con base no anteriormente exposto, propoño que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, adopte os seguintes acordos:

1º.- Determinar que as Mesas de Contratación, como órgano de asistencia á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo sexan celebradas, integramente, en todas as súas fases, por medios electrónicos.

A estes efectos, previamente á apertura das ofertas contidas nos sobres B e, no seu caso, C, o Servicio de Contratación e Fomento, de acordo co establecido na Plataforma de Contratación do Estado, procederá á apertura e análise da documentación administrativa, contida no Sobre A (agás nos procedementos que conteña a oferta) e realizará un informe á Mesa de Contratación co obxecto de que esta cualifique dita documentación, adopte o acordo de admisión ou inadmisión dos licitadores e resolva, no seu caso, as incidencias que se produzan. Ditas actuacións produciranse dentro da garantía de inalterabilidade das proposicións que asegura a Plataforma, e a Mesa de Contratación conservará tódalas súas facultades realizándose dita apertura do Sobre A ós únicos efectos de traballo preparatorio da sesión.



De acordo co establecido no art. 157 da LCSP, a apertura das ofertas non se realizará en acto público ao empregarse nas licitacións medios electrónicos.

2º.- Na procura de garantir a plena especialización dos membros das Mesas de Contratación, así como o incremento da súa operatividade, no marco dunha tramitación integramente electrónica, a composición permanente das mesas de contratación, sen prexuízo dos axustes precisos na aprobación de cada expediente, será a seguinte:

Presidente:

A persoa que exerza a titularidade da xefatura do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

A persoa que exerza a titularidade da Secretaría Xeral, ou quen a substitúa.

A persoa que exerza a titularidade da Intervención Xeral desta Deputación Provincial, ou quen a substitúa.

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente o servizo, sección ou unidade que houbese proposto o expediente de contratación.

Un funcionario/a de carreira, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2, ou persoal laboral do grupo A ou B, da Deputación Provincial de Lugo, nomeado en función da súa especialización.

Con carácter excepcional, naqueles procedementos contractuais que se realicen con base na cooperación interadministrativa cos concellos, poderá formar parte das mesas de contratación un vogal máis, nomeado entre o persoal funcionario ou laboral fixo, que reúna as condicións sinaladas anteriormente que preste seus servizos en ditos concellos.

Secretario, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2.

Poderán formar parte das mesas de contratación funcionarios interinos e persoal laboral temporal cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas o persoal eventual.

Para cada un dos membros designarase un suplente.

Poderase designar pola Mesa de Contratación os funcionarios ou asesores especializados, con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato que se entendan necesarios segundo a natureza e obxecto dos expedientes os cales actuarán con voz pero sen voto.

Cada grupo político provincial poderá designar un representante, con voz e sen voto, para asistir ás mesas de contratación.

A composición permanente da mesa de contratación publicarase no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxada na plataforma de contratos de sector público (www.contrataciondelestado.es).

Igualmente o nomeamento individualizado dos suplentes, así como os integrantes non permanentes, ao igual que os asesores, técnicos e expertos independentes serán dados a coñecer no mesmo perfil do contratante.

3º.- Dacordo co espírito da Lei 39/2015, e o seu artigo 69, en conexión co disposto no artigo 140 e 141da LCSP e en consoancia co informe da intervención xeral da administración do



estado de 19 de xaneiro de 2016, respectarase a vixencia das declaracións responsables durante toda a duración do procedemento e ate o momento en que deba de facer acreditación documental de ditos extremos, nos casos nos que resulte preceptivo, ben se trate de expedientes de licitación ou os relativos ó contrato menor, gasto menor ou tramitación de facturas nas diferentes modalidades posibles.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO TEXTO ÚNICO DAS INSTRUCCIÓNS DE APLICACIÓN DA LEY DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Durante a vixencia da Lei 9/2017, LCSP, foron ditadas pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, diferentes instrucións, para a súa aplicación, e sendo necesario, polo principio de eficacia e eficiencia administrativa, recoller todas estas instrucións aprobadas nun único texto que agrupe o seu contido e as diferentes modificacións nun texto único:

Funcionamento da Mesa Contratación.

As Mesas de Contratación, como órgano de asistencia á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo sexan celebradas, integramente, en todas as súas fases, por medios electrónicos.

A estes efectos, previamente á apertura das ofertas contidas nos sobres B e, no seu caso, C, o Servicio de Contratación e Fomento, de acordo co establecido na Plataforma de Contratación do Estado, procederá á apertura e análise da documentación administrativa, contida no Sobre A (agás nos procedementos que conteña a oferta) e realizará un informe á Mesa de Contratación co obxecto de que esta cualifique dita documentación, adopte o acordo de admisión ou inadmisión dos licitadores e resolva, no seu caso, as incidencias que se produzan. Ditas actuacións produciranse dentro da garantía de inalterabilidade das proposicións que asegura a Plataforma, e a Mesa de

Contratación conservará tódalas súas facultades realizándose dita apertura do Sobre A ós únicos efectos de traballo preparatorio da sesión.

De acordo co establecido no art. 157 da LCSP, a apertura das ofertas non se realizará en acto público ao empregarse nas licitacións medios electrónicos.

Na procura de garantir a plena especialización dos membros das Mesas de Contratación, así como o incremento da súa operatividade, no marco dunha tramitación integramente electrónica, a composición permanente das mesas de contratación, sen prexuízo dos axustes precisos na aprobación de cada expediente, será a seguinte:

Presidente:

A persoa que exerza a titularidade da xefatura do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

A persoa que exerza a titularidade da Secretaría Xeral, ou quen a substitúa.

A persoa que exerza a titularidade da Intervención Xeral desta Deputación Provincial, ou quen a substitúa.

Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente o servizo, sección ou unidade que houbese proposto o expediente de contratación.

Un funcionario/a de carreira, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2, ou persoal laboral do grupo A ou B, da Deputación Provincial de Lugo, nomeado en función da súa especialización.

Con carácter excepcional, naqueles procedementos contractuais que se realicen con base na cooperación interadministrativa cos concellos, poderá formar parte das mesas de contratación un



vogal máis, nomeado entre o persoal funcionario ou laboral fixo, que reúna as condicións sinaladas anteriormente que preste seus servizos en ditos concellos.

Secretario, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2.

Poderán formar parte das mesas de contratación funcionarios interinos e persoal laboral temporal cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas o persoal eventual.

Para cada un dos membros designarase un suplente.

Poderase designar pola Mesa de Contratación os funcionarios ou asesores especializados, con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato que se entendan necesarios segundo a natureza e obxecto dos expedientes os cales actuarán con voz pero sen voto.

Cada grupo político provincial poderá designar un representante, con voz e sen voto, para asistir ás mesas de contratación.

A composición permanente da mesa de contratación publicárase no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxada na plataforma de contratos de sector público (www.contrataciondelestado.es).

Igualmente o nomeamento individualizado dos suplentes, así como os integrantes non permanentes, ao igual que os asesores, técnicos e expertos independentes serán dados a coñecer no mesmo perfil do contratante.

Dacordo co espírito da Lei 39/2015, e o seu artigo 69 en conexión co disposto no artigo 140 e 141da LCSP e en consonancia co informe da intervención xeral da administración do estado de 19 de xaneiro de 2016, respectarase a vixencia das declaracións responsables durante toda a duración do procedemento e ate o momento en que deba de facer acreditación documental de ditos extremos, nos casos nos que resulte preceptivo, ben se trate de expedientes de licitación ou os relativos ó contrato menor, gasto menor ou tramitación de facturas nas diferentes modalidades posibles.

Plan de Contratación

Co obxecto de dar cumprimento o disposto no artigo 28.4 da LCSP e preciso establecer unha programación da actividade de contratación pública e a publicidade do Plan de Contratación.

Con base no anteriormente exposto, os criterios para programas e elaborar o Plan de Contratación serán os seguintes:

Todos os servizos, seccións ou unidades da entidade provincial deberán remitir ao Servizo de Contratación e Fomento, antes do 30 de novembro de cada ano, un informe no que detallen a previsión dos contratos que sería preciso realizar, referidos á anualidade inmediatamente seguinte, en particular, aqueles referidos á prestacións de carácter repetitivo.

A remisión de dita documentación, na presente anualidade, poderá realizarse coa data límite do 31 de xaneiro de cada ano.

A modo informativo, recórdase, entre outra, a documentación a incorporar será a seguinte:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación, e no caso de tratarse dun contrato de servizos, xustificarase ademais a insuficiencia de medios propios para a realización do seu obxecto.

Providencia de inicio asinada polo Deputado Delegado da Área correspondente.



Xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato, de ser o caso.

Orzamento base de licitación con indicación dos custes directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación, facendo constar expresamente que o orzamento base de licitación é axeitado aos prezos de mercado. Os contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir o convenio laboral de referencia.

Pregos de prescricións técnicas (no caso de contratos de obras, xuntarase así mesmo a documentación descrita no artigo 233 da LCSP).

Determinacións para a tramitación de contratos menores

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/EU e 2014/24/EU, de 26 de febreiro de 2014, contén a lexislación básica de esta materia de contratación. No caso do contrato menor, o lexislador simplificou o procedemento eliminando de trámites ou requisitos.

Terán a consideración de contratos menores, segundo o artigo 118 da LCSP, os contratos de valor estimado inferior a 40.000,00 €, cando se trate de obra, e 15.000,00 €, cando se trate de subministrados ou de servizos.

A tramitación dos contratos menores, seguirá o seguinte esquema:

Contrato menor:

No modelo “M” baixo a lenda “proposta de contrato menor, modelo M”, recóllese os seguintes apartados ou parámetros, coa finalidade de facilitar a tramitación deste tipo de procedementos:

Área de Goberno.

Unidade administrativa.

Número de expediente.

Obxecto do contrato que se pretende realizar.

Necesidade da contratación. (Xustificación de maneira motivada a necesidade do contrato, que o importe se axusta a prezos de mercado e que se trata dun gasto non recorrente).

Relación de empresas as que se solicitaron orzamentos para a tramitación do procedemento de referencia, as ofertas presentadas polas mesmas e declaracións responsables.

Forma de recepción e pago da prestación.

Xustificación de non aportar tres orzamentos.

Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar as regras xerais da contratación. (Co fin de evitar o establecido nos art. 118 e 131.3 da LCSP).

Especificacións técnicas das prestacións.

Condições para as prestacións solicitadas e valoradas para elixir a mellor oferta.


Responsable do contrato (No caso de existir).

A conformidade do deputado delegado e orde de tramitación

Conformidade do órgano de contratación.

No caso de obras, ademais estarase ao sinalado no punto 4 do artigo 118.

Diagrama de tramitación de contratos menores: Fases





Gastos menores


Estes gastos, de acordo co artigo 118.5, están baseados en sistemas de anticipos de caixa fixa ou similares para realizar pagos menores, coa condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros no exercicio orzamentario. Estes gastos han de ser periódicos e repetitivos, e relativos os conceptos orzamentarios que figuran recollidos na base 14ª das BEO do orzamento xeral da Deputación de Lugo, que se reproduce de seguido:

CONCEPTO DESCRICIÓN

212	Reparación, mantemento e conservación edificios e outras construcións
213	Reparación, mantemento e conservación maquinaria, instalacións e ferramentas.
214	Reparación, mantemento e conservación material de transporte.
215	Reparación, mantemento e conservación mobiliario e aparellos.
216	Reparación, mantemento e conservación equipos proceso de información.
220	Material de oficina.
221	Subministracións.
222	Comunicacións.
223	Transportes.
224	Primas de seguros.
225	Tributos.
226	Gastos diversos.

Este sistema é incompatible co sistema de anticipo de caixa fixa. En ningún caso pode supoñer un fraccionamento de contrato.

Diagrama para a tramitación de gastos menores: fases



No modelo “GM” baixo a lenda “proposta para gastos menores, modelo GM”, recóllese os seguintes apartados ou parámetros, coa finalidade de facilitar a tramitación deste tipo de procedementos:

Área de Goberno.

Unidade administrativa.

Número de expediente.

Obxecto do contrato que se pretende realizar.

Necesidade da contratación.

Xustificación de que non existe fraccionamento.

Responsable do contrato (no caso de existir)

Prezo

A conformidade do deputado delegado e orde de tramitación.

Os contratos menores con valor estimado inferior ou igual a 500,00 €, non será preciso aportar tres ofertas para a súa tramitación.

En todo caso, estas determinacións respectarán o establecido na Base 17 “Gastos ou Contratos Menores”, das Bases de Execución do Orzamento desta Deputación.

Con base no anteriormente exposto, propoño que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Deixar sen efecto as instrucións aprobadas o 28 de marzo de 2014, 20 de abril de 2018, 26 de outubro de 2018 e 6 de marzo de 2020.

3º.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Contratación e Fomento e demais servizos implicados.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Pavimentación do entorno da Granxa Experimental. Granxa Gayoso Castro. Concello de Castro de Rei.

Contratista: Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.

Director Técnico: Jaime Caldeiro Pérez

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019

“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/ O GANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/009.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/009, correspondente á sociedade civil Casa Carballo Afoz, S.C. (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,14 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.570,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Casa Carballo Afoz, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Casa Carballo Afoz, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/009, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.570,00 €, así como o aboamento da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/ O GANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/011.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/011, correspondente á sociedade civil Ganadería Tania e Lucía, S.C. (Mondoñedo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,1587 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 579,35 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Ganadería Tania e Lucía, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Tania e

Lucía, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/011, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 579,35 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/ O GANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/031.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/031, correspondente á sociedade SAT Lodos e Pérez nº 940 XUGA (A Pastoriza), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,6747 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 837,35 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade SAT Lodos e Pérez nº 940 XUGA, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.



Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade SAT Lodos e Pérez nº 940 XUGA, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/031, destinada a “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 837,35 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/ O GANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/052.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/052, correspondente a Marcos Castro Acevedo (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,6848 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 842,40 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Marcos Castro Acevedo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de a Marcos Castro Acevedo, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/052, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 842,40 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DE PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DAS ENTIDADES DO PROGRAMA BEN EMPREGADO III.

Primeira.- *Proposta Xunta de Goberno para a aprobación do inicio de procedemento de reintegro da entidade do Ben Empregado III A-16-440 Reimondo González, Jesús.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 con N° 229.



Considerando que con data 29 de decembro de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016, entre as que se atopaba a entidade Reimondo González, Jesús con número de expediente A-16-440 e cunha cantidade aprobada de 18.000,00 €.

Considerando que con data 26 de maio do 2017 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas no entre as cales se atopa a entidade con código A-16-440 e razón social Reimondo González, Jesús con dous postos de traballo, un de Oficial 1ª Motoserrista e outro de Operador de Explotación Forestal.

Considerando que na data do parágrafo anterior realízase unha xornada informativa onde se comunica ás entidades os datos relativos aos traballadores seleccionados para cada unha delas. Desde este momento, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Por outra banda e de acordo a base 6 das bases que regulan a selección do persoal os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou renuncia (segundo o Anexo IV), no caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo entenderase como aceptado.

Considerando que en relación ós postos de Oficial 1ª Motoserrista e Operador de Explotación Forestal, os traballadores seleccionados, Don Jesús García Álvarez e Don David Torres Lombardero respectivamente, renuncian ós postos, quedando a entidade sen candidatos.

Considerando que de acordo á Base 6 do Programa Ben empregado III fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

Publicouse ó Anexo II da entidade beneficiaria nas datas e cos resultados seguintes:

OFICIAL 1ª MOTOSERRISTA				
DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
14/07/2017	Sergio Espina Florez	17/07/2017		

OPERADOR DE EXPLOTACIÓN FORESTAL				
DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
04/08/2017	Jesús García Alvarez			Imposible contactar
10/08/2017	Yassine El Messoudi	16/08/2017	18/08/2017	Baixa voluntaria
06/10/2017	Neculai Barticel	09/10/2017	19/03/2018	Despedimento
04/05/2018	Gasalla López De Castro, Alberto Luis		09/05/2018	Renuncia

Considerando que a entidade beneficiaria, a pesar de ofertar o posto de traballo de Operador de Explotación forestal en tódalas bolsas, dende a data de baixa do último traballador contratado, non tivo máis solicitudes de candidatos no tempo restante do período subvencionable, que remataba o día 30 de agosto de 2018 segundo se recolle na “Base 8 Resolución” da Fase II do Programa Ben Empregado III.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 4 de decembro de 2017 o pago do primeiro anticipo pola cantidade de 14.400,00 €.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado III fase I, a efectos de xustificación :

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa da subvención.

(…)”



En relación ó anteriormente exposto, a entidade beneficiaria presenta con data 27 de agosto de 2018, dentro do prazo establecido, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 27 de maio de 2019, cando se emite informe por parte desta Sección para que se tramite a aprobación da documentación xustificativa (26.206,26€) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, Mil Trescentos Trinta e Un Euros con Cincuenta e Un Céntimos (1.331,51€). Tendo en conta que foi necesaria realizar unha regularización da subvención concedida (18.000,00€) debido a que o período de contrato do posto de operador de explotación forestal a data de 30 de agosto de 2018, final do período subvencionado, foi de 165 días.

Considerando que con data 15 de xaneiro de 2020 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil trescentos trinta e un euros con cincuenta e un céntimos (1.331,51 €).

Considerando que con data 11 de febreiro de 2020 remítese requirimento á entidade beneficiaria solicitándolle, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “do Contido da Conta Xustificativa” e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa:

“(…)

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(…)”

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade recolle con data 24 de febreiro de 2020 a notificación.

Considerando que debido a suspensión de prazos administrativos recollidos na Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o prazo de 15 días ó que fai referencia a notificación remitida á entidade beneficiaria paralizouse.

Considerando que en relación o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado con data 23 de maio de 2020, no seu artigo 9 “Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto de 436/2020, do 14 de marzo” establece que:

“(…)

Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas

(…)”



Neste sentido, o prazo para remitir a documentación requirida por parte da entidade beneficiaria remata o día 2 de xuño de 2020. A entidade beneficiaria non presenta dita documentación no prazo establecido.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

“(…)

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(…)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da LPAC, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)”

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(...)”

Neste sentido, con data 10 de xullo de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación do inicio do procedemento de reintegro realizárase con data 17 de xullo de 2020, pola cantidade de 130,84€.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do, Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-16-440 Reimondo González, Jesús polo importe anticipado e non xustificado, 1.331,51 €, máis os xuros de demora xerados durante este tempo, 130,84 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentarse a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segunda.- *Proposta Xunta de Goberno para a aprobación do inicio de procedemento de reintegro da entidade do Ben Empregado III B-16-89 Temos Solucións, S.L.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 con Nº 229.

Considerando que con data 29 de decembro de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016, entre as que se atopaba a entidade Temos Solucións S.L. con número de expediente B-16-89 e cunha cantidade aprobada de 19.945,92 €.

Considerando que con data 26 de maio do 2017 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas entre as cales se atopa a entidade con código B-16-89 e razón social Temos Solucións S.L.

Considerando que na data do parágrafo anterior realízase unha xornada informativa onde se comunica ás entidades os datos relativos aos traballadores seleccionados para cada unha delas. Desde este momento, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Por outra banda e de acordo a base 6 das bases que regulan a selección do persoal os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou renuncia (segundo o Anexo IV), no caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo entenderase como aceptado.

Considerando que a entidade beneficiaria, atendendo á modalidade contractual e á xornada laboral establecidos na solicitude, da de alta e/ou de baixa ós traballadores seleccionados segundo se recolle no seguinte cadro:

TRABALLADOR	DATA DE CONTRATACIÓN	DATA DE BAIXA	MOTIVO
MARTIN CASAS JENNIFER		25/05/2017	RENUNCIA AO POSTO DE TRABAJO
FERNANDEZ LOPEZ ANA MARIA	01/06/2017		CONTRATADA

Considerando que a traballadora subvencionada, Dona Ana María Fernández López, causa baixa por enfermidade común con data 19 de xaneiro de 2018 permanecendo en esta situación a día 31 de maio de 2018, data na que remata o período subvencionado.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 6 de setembro de 2017 ao pago do primeiro anticipo pola cantidade de 15.956,73 €.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado III fase I, a efectos de xustificación :

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa da subvención.

(…)”

En relación ó anteriormente exposto, a entidade beneficiaria presenta con data 7 de setembro de 2018, dentro do prazo establecido, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 15 de xullo de 2019, cando se emite informe por parte desta Sección considerando cumpridos os fins para os que se concedeu a subvención (19.945,92 €) e a adecuación dos gastos realizados a estes, polo que se estima procedente que se verifique dende o



servizo de Intervención a cantidade a ingresar por parte da empresa, e se tramite a aprobación da documentación xustificativa (14.727,90 €) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil douscentos vinte e oito euros con oitenta e tres céntimos (1.228,83 €), tendo en conta que a entidade beneficiaria non puido xustificar o total da subvención debido a que a traballadora subvencionada, Dona Ana María Fernández López, sufriu unha baixa derivada de enfermidade común o que reduciu as cantidades subvencionables.

Considerando que con data 24 de setembro de 2019 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil douscentos vinte e oito euros con oitenta e tres céntimos (1.228,83 €).

Considerando que con data 12 de febreiro de 2020 notificase na sede electrónica da Deputación de Lugo requirimento á entidade beneficiaria solicitándolle, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “do contido da conta xustificativa” e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa:

(...)

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(...)

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade non accede a notificación en sede electrónica no prazo de 10 días naturais, polo que, atendendo ó estipulado nos artigos 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a notificación enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

(...)

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(...)

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da LPAC, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.



Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(…)”

Neste sentido, con data 10 de xullo de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación do inicio do procedemento de reintegro realizárase con data 17 de xullo de 2020, pola cantidade de 131,99 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do, Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade B-16-89 Temos Solucións SL. polo importe anticipado e non xustificado, 1.228,83 €, máis os xuros de demora xerados durante este tempo, 131,99 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentarse a documentación

xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DE SUBVENCÍONS EXCEPCIONAIS OUTORGADAS POR ESTA DEPUTACIÓN A DISTINTAS ENTIDADES O ASOCIACIÓNS.

Primeiro.- *Proposta relativa ó convenio da subvención excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ó convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Entidade Asoc. centro comercial urbano de Monforte de Lemos, en adiante CCU Monforte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte”, polo importe de 36.907,92 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 18.453,96 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:



Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, xestionada actualmente dende a Sección de Promoción Económica e Emprego da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo para o ano 2020-2022 aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020, xa que na mesma se recolle o obxectivo da colaboración público-privada para potenciar mecanismos de xeración de riqueza, que no presente caso se acadarían mediante o desenvolvemento de accións destinadas a dixitalización do pequeno comercio, mellorando as súas condicións de supervivencia e fomentando que se siga a xerar riqueza no ámbito local.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das

Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2020, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte”. O obxecto que se persegue é a supervivencia do sector do comercio de proximidade na zona sur da provincia, o que obriga á adopción de medidas extraordinarias que garantan a visibilidade do sector incrementando as súas vendas.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 36.907,92 € a favor da Entidade CCU Monforte, para sufragar gastos derivados da actuación “Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte“ no ano 2020, subvención incluída nas subvencións directas excepcionais Liña 4.1.c que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo” do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobado o gasto de 36.907,92€ con cargo á aplicación orzamentaria 4330.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade , para sufragar gastos derivados da actuación “Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte” no ano 2020.

3º.- Aprobado o convenio canalizador da subvención directa excepcional que nos ocupa e que se achega con este informe.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional plurianual outorgada pola Excma Deputación Provincial de Lugo á Asociación Profesional Gandeiros de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Servizo de asesoramento sobre pastoreo tradicional” nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Profesional Gandeiros de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”, nas anualidades 2020 (2º semestre) e 2021,2022 e 2023(1º semestre) polo importe total de 105.000 €, (17.500 € para 2020, 35.000 € para 2021, 35.000 € para 2022 e 17.500 € para 2023), constan, entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente de concorrencia das razóns que habilitan á utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención.

Declaración xurada do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c das recollidas, para a Área de Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, no Plan Estratéxico de Subvencións 2020 - 2022 (PES), e que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, recolléndose na mesma os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión da subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de fomentar o desenvolvemento e a competitividade empresarial durante os anos 2020, 2021, 2022 e 2023, a través da Asociación Profesional Gandeiros de Lugo, colaborando economicamente co proxecto “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 105.000 €, a favor da entidade Asociación Profesional Gandeiros de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”, nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023, subvención incluída na liña 4.1.c - Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de



Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020- 2022, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2020: 17.500 €.

Anualidade 2021: 35.000 €.

Anualidade 2022: 35.000 €.

Anualidade 2023: 17.500 €.

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 105.000 €, que se desagrega en 17.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410.489.11 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020, a favor da Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”, e para a anualidade 2021 por importe de 35.000 €, para a anualidade 2022 por importe de 35.000 €, para a anualidade 2023 por importe 17.500 €, adoptado o compromiso de dotar no Orzamento Xeral dos exercicios 2021, 2022 e 2023 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sustentabilidade financeira.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO NÚMERO 126/2020.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, a comparecencia no xuízo para contestar á demanda no recurso P.O. nº126/2020 interposto por VITOGAS ESPAÑA SAU fronte a Deputación Provincial de Lugo por reclamación de facturas mais os xuros polo contrato de subministro de gas licuado del

petróleo para uso industrial no Pazo Universitario de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

19.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO 82/2020 S.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº PA Nº 82/2020 S, interposto por Mohammed Leftah fronte a resolución ditada pola Deputación Provincial de Lugo de data 4 de marzo de 2020, desestimatoria da reclamación patrimonial previa interposta no seu día pola parte demandante, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do decreto de data 14 de xullo de 2020 no que se aproba o premio de 10.000 euros a favor do Club Deportivo Lemos, así como a aprobación do dito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 4320.481 do vixente Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2020 e o pagamento do premio de 10.000 euros a favor do citado Club.



21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.